



Concello de Xinzo de Limia

ORDENANZA FISCAL Nº 7, REGULADORA DA TAXA POLO SERVIZO DE SUMIDOIROS E POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE TRATAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS.

PUBLICACIONES

Inicial BOP 11/06/2009

Modificación, BOP 24/12/2011

Modificación, BOP 26/12/2013

Modificación, BOP 31/12/2014

Modificación, BOP 31/12/2016

Modificación, BOP 29/12/2017

Modificación, BOP 26/12/2018

Modificación, BOP 28/12/2019

Modificación BOP 20/12/2021

Modificación BOP 27/12/2022

Última modificación BOP nº 292, de 22 de decembro de 2023.

Artigo 1.º- Fundamento e natureza

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e conforme co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de facendas locais, este Concello establece a taxa polo servizo de sumidoiros e pola prestación do servizo de tratamento e depuración de augas residuais, que se rexerá por esta ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ó previsto no artigo 57 do citado texto normativo.

Capítulo I: servizo de sumidoiros

Artigo 2.º- feito impositivo

1.- Constitúe o feito impositivo desta taxa: A actividade municipal, técnica e administrativa, tendente a verificar se se dan as condicións necesarias para autoriza-la acometida á rede de saneamento municipal. A prestación dos servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais, a través da rede de sumidoiros municipal e o seu tratamento para depuralas. 2.- Non estarán suxeitas á taxa os predios declarados ruinosas u que teñan a condición de soar ou terreo edificable.

Artigo 3.º- Suxeito pasivo

1.- Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria que sexan: Cando se trate da concesión da licenza de acometida á rede, o propietario, usufrutuário, ou titular do dominio útil do predio. No caso de prestación de servizos do número 1.b) do artigo anterior, os ocupantes ou usuarios dos terreos do termo municipal beneficiarios dos anteditos servizos, calquera que sexa o seu título: propietarios, usufrutuários, moradores ou arrendatarios, incluso en precario.

2.- En todo caso, terá a consideración de suxeito pasivo substituto do ocupante ou usuario das vivendas ou locais o propietario dos inmobles, que poderán repercutir, de se-lo caso, as cotas satisfeitas sobre os respectivos beneficiarios do servizo.





Concello de Xinzo de Limia

Artigo 4.º-

Responsables

- 1.- Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei xeral tributaria.
- 2.- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei xeral tributaria.

Artigo 5º.- Cota tributaria

Artigo 5º.- Cota tributaria

- 1.- *A cota tributaria correspondente á contratación do servizo será de 45,88 €, e de 18,3381 € en concepto de conexión á rede, que se esixirá unha soa vez.*
- 2.- *A cota tributaria que se esixirá pola prestación do servizo da rede de sumidoiros determinarase en función da cantidade de auga, medida en metros cúbicos, utilizada no predio, a razón de 0,2490 euros por cada m³ ó trimestre, cun mínimo de 20 m³ ao mes.*

Artigo 6º.- Exencións e bonificacións

Non se concederá ningunha exención nin bonificación na exacción desta taxa agás os que sexan consecuencia dos que establecen os tratados ou os acordos internacionais, ou os que expresamente prevén as normas con rango de lei.

Artigo. 7º.- Percepción da Taxa

1.- Aboarase a taxa e nace a obriga de contribuír, desde cando se inicie a actividade municipal que constitúe o feito impositivo, entendéndose iniciada esta:

a) Na data de presentación da oportuna solicitude da licenza de acometida, se fose formulada polo suxeito pasivo expresamente.

b) Desde que teña lugar a efectiva acometida á rede de saneamento municipal. O pagamento por esta modalidade de taxa producirase con independencia de que se obtivera ou non a licenza de acometida e sen prexuízo do expediente administrativo que poida instruírse para súa autorización. 2.- Os servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais, e da súa depuración teñen carácter obrigatorio para tódolos predios do municipio que teñan fachada ás rúas, prazas ou vías públicas en que exista saneamento, sempre que a distancia entre a rede e o predio non exceda de cen metros, e tendo dereito a cobra-la taxa aínda que os interesados non procedan a efectua-la acometida á rede.

Art. 8º.- Declaración, liquidación e ingreso

1.- Os suxeitos pasivos substitutos do contribuínte formularán as declaracións de alta e baixa no censo de suxeitos pasivos da taxa, no prazo que media entre a data en que se produza a variación na titularidade do predio e o último día do mes natural seguinte. Estas últimas declaracións producirán efecto a partir da primeira liquidación que se practique unha vez finalizado o prazo de presentación das declaracións de alta e baixa. A inclusión inicial no censo farase de oficio unha vez concedida a licenza de acometida á rede ou unha vez que se comprobé que se lle está a presta-lo servizo inda que non se lle concedese previamente aquela.

2.- As cotas esixibles por esta taxa liquidaranse e recadaranse polos mesmos períodos e nos mesmos prazos que os recibos de subministración e consumo de auga, mediante recibo derivado da matrícula ou padrón.

3.- No suposto de licenza de acometida, o contribuínte formulará a oportuna solicitude e os servizos tributarios deste Concello, unha vez concedida aquela, practicarán a liquidación que proceda, que será notificada para ingreso directo na forma e prazos que sinala o Regulamento





Concello de Xinzo de Limia

xeral de recadación.

Capítulo II: servizo de tratamento e depuración de augas residuais

Artigo 9º.- Feito impoñible

1.- Constitúe o feito impoñible da taxa a prestación dos servizos municipais de tratamento e depuración de augas residuais nas estacións de tratamento e depuración de augas residuais da vila de Xinzo e das poboacións do Concello de Xinzo de Limia.(en adiante ETAR da vila e EDAR das poboacións)

2.- Para os efectos do apartado anterior, entenderase por augas residuais aquelas augas usadas que procedentes de vivendas, locais, establecementos comerciais, industrias, sanitarios ou de instalacións agrícolas se evacúan polas instalacións públicas ou privadas de saneamento ós distintos medios receptivos, diluídas ou non con calquera auga subterránea, superficial ou pluvial que se lle incorpore.

Artigo 10º.- Obriga de contribuír

1.- Aplícase a taxa e nace a obriga de contribuír no momento de iniciarse a actividade municipal que constitúe o feito impoñible sinalado no artigo 9 desta ordenanza fiscal, entendéndose que comeza a prestación do servizo no momento da realización dos vertidos derivados da produción de augas residuais definidas no artigo anterior e, en concreto:

- a) Na data de presentación da oportuna solicitude de licenza de acometida á rede de saneamento, se o suxeito pasivo a formulase expresamente.
- b) Dende que teña lugar a efectiva acometida á rede de saneamento. Neste suposto a aplicación da taxa producirase con independencia de que se obteña ou non licenza.

2.- O servizo de tratamento e depuración ten carácter obrigatorio para tódolos predios que teñan fachada a rúas, prazas ou vías públicas nas que exista rede de saneamento e que estea conectada ós colectores xerais que desembocan na ETAR da vila ou nas EDAR das poboacións.

Artigo 11º.- Suxeito pasivo

1.- Son suxeitos pasivos da taxa en concepto de contribuíntes as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria, que ocupen ou utilicen por calquera causa de título, incluso en precario, as vivendas, locais, industrias, establecementos e instalacións que produzan augas residuais a través da rede de colectores municipais.

2.- Consideraranse substitutos do contribuínte, os propietarios das vivendas, locais, industrias, establecementos ou instalacións, que poderán repercutir, se é o caso, as cotas sobre os respectivos beneficiarios.

3.- No caso de núcleos de poboación que non pertencen ó municipio de Xinzo de Limia e que vertan ós colectores da ETAR da vila ou as EDAR das poboacións, o substituto do contribuínte será o concello ó que pertencen os ditos núcleos.

Artigo 12º.- Responsables

1.- Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei xeral tributaria. 2

.- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei xeral tributaria.

Artigo 13º.- Base impoñible





Concello de Xinzo de Limia

- 1.- Nos núcleos de poboación onde existe rede de saneamento e o servizo de auga potable a domicilio é de titularidade municipal, a base impositiva estará determinada pola cantidade de auga vertida, que será equivalente á cantidade de auga consumida, de calquera orixe ou natureza, medida ou estimada en metros cúbicos a través da lectura do contador.
- 2.- Nos núcleos de poboación onde existe rede de saneamento conectada ós colectores xerais que desembocan na ETAR da vila ou nas EDAR das poboacións, e que o servizo de auga potable a domicilio non é de titularidade municipal, e polo tanto non se efectúa lectura de contadores, a base impositiva virá determinada por unha cantidade fixa equivalente á tarifa mínima establecida para aqueles núcleos de poboación nos que o servizo de auga é de titularidade municipal.
- 3.- Nos núcleos de poboación pertencentes a outros municipios, a base impositiva, virá determinada polos aparellos de medida do volume de vertidos. Non obstante, no intervalo de tempo que medie entre a instalación do aparello de medida e o da efectiva prestación do servizo, a base impositiva virá determinada por unha cantidade fixa equivalente á tarifa mínima establecida para a Vila de Xinzo.

Artigo 14º.- Cota tributaria

1.- *A cota tributaria, para todo o termo municipal, que se esixirá pola prestación do servizo de tratamento e depuración de augas residuais determinarase en función da cantidade de auga, medida en metros cúbicos, utilizada no predio, a razón de 0,3876 euros por cada m³ ao trimestre, cun mínimo de 20 m³ ao mes.*

No caso de que o suxeito pasivo goce de servizo de tratamento e depuración de augas residuais, utilizando a rede de saneamento municipal, sen que estea dado de alta no padrón da taxa pola prestación do servizo público de abastecemento e distribución domiciliar de auga potable, por calquera motivo, xa sexa pola carencia da licenza municipais oportuna ou pola utilización de auga procedente de pozos particulares, a cota tributaria será equivalente ao mínimo. No caso de ter coñecemento de que os vertidos son superiores ao mínimo o suxeito pasivo deberá instalar un caudalímetro ao seu cargo.

2.- *Para núcleos de poboación cuxa rede de saneamento verte na ETAR da vila ou nas EDAR das poboacións e o servizo de abastecemento e subministración de auga potable domiciliar non é de titularidade municipal: aplicarase unha tarifa equivalente ao mínimo. Non obstante, de ter coñecemento de que os vertidos son superiores ao mínimo, o suxeito pasivo deberá instalar un caudalímetro ó seu cargo.*

3.- *Para núcleos de poboación pertencentes a outros concellos e cuxa rede de saneamento verta nas depuradoras de Xinzo de Limia, a base impositiva virá determinada polos aparellos do volume de vertidos. Non obstante, no intervalo de tempo que medie entre a instalación do aparello e a efectiva prestación do servizo, a base impositiva virá determinada por unha cantidade fixa equivalente á tarifa mínima establecida para a vila de Xinzo de Limia.*

Artigo 15º.- Declaración, liquidación e ingreso

1.- Os suxeitos pasivos substitutos do contribuínte formularán as declaracións de alta e baixa no censo de suxeitos pasivos da taxa no prazo que medie entre a data na que se produza a variación na titularidade do predio e o último día do mes natural seguinte. Estas últimas declaracións producirán efecto a partir da primeira liquidación que se practique, unha vez finalizado o prazo de presentación das ditas declaracións de alta e baixa. A inclusión inicial no censo farase de oficio, unha vez concedida a licenza de acometida á rede de saneamento.

2.- Cando se coñeza, xa de oficio ou por comunicación dos interesados, calquera variación dos datos figurados na matrícula, levaranse a cabo nesta as modificacións correspondentes,





Concello de Xinzo de Limia

que producirán efectos a partir do período de cobranza seguinte ó da data na que se efectuara a declaración.

3.- As cotas esixibles por esta taxa liquidaranse e recadaranse trimestralmente mediante o recibo derivado da matrícula ou padrón.

Artigo 16º.- Exencións, reducións e demais beneficios legalmente aplicables

Non se recoñece ningún beneficio tributario, salvo os que sexan consecuencia dos que establecen os tratados ou os acordos internacionais, ou os que expresamente prevén as normas con rango de lei.

Artigo 17º.- Infraccións e sancións tributarias

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias e sancións, ademais do que prevé esta ordenanza, ateranse ó que dispoñen os artigos 77 e seguintes da Lei xeral tributaria e demais normativa aplicable. As tarifas especificadas nesta ordenanza, incrementarase anualmente en función do IPC correspondente.

Disposición final .

A presente modificación da ordenanza fiscal, cuxa aprobación foi acordada provisionalmente polo Pleno municipal na reunión de 27 de outubro de 2023, modifica á anterior e entrará en vigor a partir da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación a partir do día primeiro de xaneiro de 2024, permanecendo en vigor ata que sexa modificada ou derogada expresamente.

